



CÍRCULO DE SILENCIO
“Pola Paz e a Non Violencia”
Rede Social Galicia Sur
#CírculosDeSilencioVigo
3 de abril

Houbo un tempo, non hai moito, en que nos parecía unha tolería a chamada escalada armamentística, aqueles anos de competición incansable entre dous bloques que pulaban por ver quen era quen de fabricar máis e mellores armas que o outro, armas nucleares, cada vez máis destrutivas, suficientes para acabar coa humanidade toda... á que dicían querer protexer.

Houbo un tempo, repetimos, en que esa competición nos pareceu tan absurda, tan tola, tan irracional, que mesmo nos burlabamos da ignorancia e da brutalidade daquelas xeracións.

Pero os tempos cambian. E os pesadelos volven facer realidade o que parecía esquecido. Estamos de novo sendo bombardeados, nunca mellor dito, polo complexo mediático das grandes multinacionais e dos gobernos de Occidente para convencernos de que, en efecto, aquilo tiña un sentido, que temos que rearmarnos, que fronte a hipotéticas ameazas o mellor é a “disuasión” pola vía do militarismo.

Como un novo mantra que percorre Europa, o aumento do gasto militar parece unha obriga ineludible, polo ben dos nosos países. Pola nosa “seguridade”.

A presidenta da Comisión Europea, Ursula Von der Leyen, hai unhas poucas semanas, anunciaba un plan para o rearme de Europa. Este plan prevé un novo instrumento financeiro que concederá préstamos por valor de 130.000 millóns de euros aos estados membros para inversións en defensa. Está destinado a defensas antiaéreas e antimísiles, sistemas de artillería, municións, mísiles, drons e sistemas antidróns. Ademais, os estados membros da UE poderán activar a cláusula de salvagarda do Pacto de Estabilidade. Isto significa que as inversións militares non se terán en conta ao calcular o déficit presupuestario. Estamos a falar dun total de 800.000 millóns de euros. O obxectivo é tamén mobilizar capital privado para “a causa”.

Hai outras formas, outros camiños, hai argumentos serios para seguir comprometéndonos cun pacifismo activo, coa non violencia e con alternativas que non sexan menosprezadas por inxenuas o utópicas:

- Desvío de recursos económicos: o aumento do gasto militar sempre é a costa doutros sectores da nosa economía, como poden ser a educación e a sanidade, tan precisadas de recursos nestes momentos de crise. E non estamos a falar de supostos alarmistas ou tendenciosos. O 13 de xaneiro, o secretario xeral da OTAN, Mark Rutte, co obxectivo de reforzar a defensa, pediu aos aliados europeos que invistan nunha fracción pequena do que se adica a pensións, saúde ou seguridade social. Segundo Rutte, é un investimento na nosa seguridade e a seguridade dos nosos descendentes. Pero de verdade ese é o mundo futuro que queremos, que imos construír para elas, para eles? Un mundo de violencia, de conflito, de militarización imparabile?

- Fomento da escalada bélica: se investimos en gasto militar, so fomentaremos a confrontación e a agresividade dos nosos hipotéticos inimigos. Elixir a escalada militar é deixar en segundo plano a cooperación, o diálogo, a diplomacia, e elixir, pola contra, a forza, a violencia, a rivalidade.

- Impacto ambiental: a industria militar ten unha pegada ecolóxica moi negativa para o noso medioambiente, pois implica o consumo masivo de combustibles fósiles e contaminación por probas de armas e maniobras militares. Iso vai no sentido contrario ao que demandan científicos e poboación en xeral ante a ameaza, esta si moi real, do cambio climático.

- Fomento das empresas armamentísticas: o complexo militar-industrial non para de crecer. Segundo o Instituto Internacional de Estocolmo para a Investigación da Paz, entre 2014 y2023, España foi o octavo exportador mundial de armas, comercio que leva ao enriquecemento duns poucos a costa do sufrimento, da violencia e da morte de moita xente en moitos países do mundo. O aumento do gasto militar so beneficiará á industria militar. Un indicador disto é que, nas últimas semanas, xa aumentou o seu valor nos mercados bursátiles, o que significa que os inversores, entre os que están moitos dos grandes bancos, ven un valor de futuro nesta industria. Negámonos a ser cómplices deste negocio cruel e inmoral.

- Risco de autoritarismo: non é ningunha novidade que coa excusa da “seguridade nacional” se poidan chegar a xustificar restricións ás liberdades civís que constitúen derivas autoritarias moi perigosas para calquera estado democrático.

- Silenciamento das alternativas: se a linguaxe, as forzas, os investimentos... se centrasen na mediación, na cooperación internacional, no desenvolvemento das rexións máis vulnerables, na resolución pacífica dos conflitos, poderían darse pasos firmes e duradeiros na consecución dunha convivencia pacífica entre os estados. Pero parece que esta opción xa non está sobre a mesa...

Por iso cómpre denunciar esta escalada sen sentido, cómpre alzar a voz e saír as rúas para expoñer outros camiños, pacíficos, dialogantes, non violentos, baseados na cooperación e na diplomacia. Porque queremos construír un mundo en paz, sen armas, sen guerras, sen medo. Porque o merecemos, porque non pode ser que caíamos unha e outra vez nos mesmos erros. Pola vida, pola esperanza, polo futuro. Por ese outro mundo posible, necesario, é cada vez máis urxente...